

Lignum

Revista do Cluster da Madeira e o Deseño de Galicia
Primeiro semestre do 2022



TEMOS POR DIANTE
UN FUTURO CHEO
DE ILUSIÓNS
RENOVADAS



*Edita: Cluster da Madeira e o Deseño de Galicia
Santiago de Compostela, xuño de 2022*



1. Editorial	05
2. Asemblea Anual CMD	06
3. Entrevista socio de honor: Servizo Galego de Saúde	08
4. XI Meeting Point Lignum	10
5. Proxecto LIFE EcoTimberCell	12
6. Formación CMD	13
7. Miradas sobre a industria da madeira: Ansede Quintáns Arquitectos	14
8. Ciclo conectados: madeira e saúde	16
9. Galicia é Madeira: Faladoiros en ESradio	17
10. Novas CMD	18
11. O recuncho do asociado: TimberSoul by Cándido Hermida	20
12. Reflexións do asociado: ENCE	21
13. Axudas e subvencións	22
14. Feiras	23



No CMD levamos o ADN da cadea de valor da madeira

José Manuel Iglesias, Presidente do CMD



Os que assististes á Asemblea do pasado 17 de xuño, xa me escoitastes estas palabras dirixidas ao presidente da Xunta de Galicia, ao conselleiro do Medio Rural, ao director da Axencia Galega da Industria Forestal e demais convidados. Tampouco era ningunha novidade porque, como nos gusta dicir, no Cluster levamos o ADN da cadea de valor da madeira.

Gústanos dicir que nas deliberacións co resto da cadea buscamos o que nos une, pero se tivéramos que explicar cal é o noso feito diferencial, sería o que non temos ningún feito diferencial porque estamos en todas as visións, de abaixo a arriba e de arriba a abaixo, mellor dito, para nós non hai un principio ou un final na cadea porque todas as actividades están intimamente ligadas e son estreitamente dependentes.

As nosas asociacións irmás teñen ámbitos territoriais ou unha especialización concreta. A nosa Xunta Directiva é un exemplo de diálogo entre visións que van dende os serradoiros, o taboleiro, o deseño, o Contract, a pasta de papel, a enerxía ou a innovación tecnolóxica. O noso día a día conxuga todas esas linguaxes e visións, seguramente por ese motivo, atopámonos moi cómodos traballando coas asociacións no seo das comisións para elaborar propostas que recollan as prioridades que son unánimes a todos os segmentos da cadea de valor.

Tamén aprendemos que ao recurso vénlle ben que lle apoie o Deseño, pois lle axuda a ter contacto coas tendencias, incluso a estar atento a potenciais novas canles e aplicacións. Tamén transmite unha visión de que todos estamos vinculados e que non só preocupápanos a produción forestal, senón a xeración de valor e dispoñer dunha cadea rica e diversa que a faga máis resiliente ante as vicisitudes do mercado. En xeral, a convivencia tamén nos serve para xerar deontoloxía e boas prácticas, transmitindo á sociedade os valores que aportamos.

Debemos aproveitar todo o potencial que nos ofrece o recurso sen descoidar o percorrido que aínda temos para desenvolver a cadea. Mencionáballe ao presidente da Xunta de Galicia o exemplo de Puleva, situada en Granada, onde non teñen recurso. Sen embargo, souberon desenvolver todo o seu potencial. Non se trata de producir volume senón de conseguir todo o valor posible. Nun apartado, transmitílle ao conselleiro do Medio Rural que sobra explicarlle que non se trata de producir grandes volumes de viño a granel, senón de saber posicionarse cun viño de autor.

Neste sentido, o deseño industrial ten moito que facer, sobre todo, se sabemos que contamos coa alta costura da ebanistería e o interiorismo como é o Contract. Fai falta dar o paso ao "pret a porter" para que poidan editar e comercializar produto propio, con catálogos que sexan referente a nivel internacional. Podo asegurar que coñezo algunhas marcas recoñecidas que non pasarían o control de calidade do noso Contract pero, que no seu momento, deron o paso que agora podemos conseguir no ámbito da nosa cadea. O estímulo tamén o poden compartir os que xa fan deseño industrial e buscan conseguir a máxima personalización baseada na máxima estandarización.

Nestes días tamén fomos informados do traslado da Axencia Galega da Industria Forestal, que dependía da Consellería de Economía, Industria e Innovación e agora pasa a depender da Consellería do Medio Rural. Tivemos a oportunidade de transmitir o noso ofrecemento entusiasta de colaboración ao novo Director, que nos motiva coa ilusión renovada que transmite.


Desexamos que os obxectivos de consolidación da Cadea e os proxectos que xa lle esbozamos, váianse encarrilando e que pronto poidamos trasladarvos os logros alcanzados.

Non quixera terminar este escrito sen destacar o recoñecemento que este ano outorgamos ao Servizo Galego de Saúde como socio de honor do CMD, o duodécimo da entidade, que ven a representar o traballo que vimos realizando dende hai anos de posta en valor da biofilia, sendo pioneiros en visibilizar o tándem madeira-saúde e coñecedores de todo o labor que o SERGAS está a facer nesta mesma liña. Estamos convencidos que se abren ante nós ilusionantes proxectos, aliñados coas inxerencias do noso novo socio de honor.

Aproveito para desexarvos que gocedes dunhas merecidas vacacións. Vémonos á volta coa idea de poder atoparnos máis a miúdo. Un dos anunciados primeiros encontros será precisamente co novo director da Axencia Galega da Industria Forestal, repetindo a fórmula de "Momentos con...". Alí esperámosvos para seguir recollendo a intelixencia colectiva que sempre nos achegades nestes encontros.

O proxecto LIFE EcoTimberCell, de mitigación do cambio climático, presenta as súas principais conclusións

O proxecto, liderado pola Plataforma de Enxeñería da Madeira Estrutural da USC, pretende reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro a través dunha solución innovadora construtiva



Life EcoTimbercell é un proxecto do Programa LIFE de mitigación do cambio climático, desenvolvido pola Plataforma de Enxeñería da Madeira Estrutural da USC, Betanzos HB, Fundación CETEMAS, 3edata e o Instituto da Tecnoloxía da Construción de Cataluña (ITEC).

O emprego da madeira como material que se incorpora ás estruturas das edificacións volve a ser unha realidade, impulsada principalmente por novos produtos tecnolóxicos que ofrece a industria, como son os paneis de madeira contralaminada ou CLT. A madeira, como os produtos derivados, é unha das claves para acadar os obxectivos do Desenvolvemento Sostible, polo que a súa demanda incrementarase ano tras ano.

A solicitude do proxecto LIFE EcoTimberCell xurde da necesidade de pensar sobre o uso racional dos recursos. A clave que dirixe o proxecto é a posta no mercado de produtos estruturais que aproveiten ao máximo os recursos locais, permitindo unha construción económica e de alta eficiencia enerxética, reducindo desta maneira o uso de materias con alto impacto ambiental.

Obxectivos do Proxecto

O proxecto LIFE EcoTimberCell contribúe, principalmente, á redución na emisión de CO₂ e, á súa vez, á resiliencia climática. Este obxectivo conséguese incidindo sobre o uso sostible da biomasa sólida, ao substituír os materiais de construción tradicionais polos sistemas EcoTimberCell (ETC), máis eficientes e sostibles.

Ademais da redución nas emisións, o proxecto contribúe a:

- Aforrar enerxía e recursos na produción de elementos estruturais para a edificación
- Reducir a demanda enerxética no uso dos edificios
- Reducir a cantidade de residuos xerados pola construción
- Dotar de maior valor engadido á madeira local
- Incrementar a demanda de madeira local con certificación forestal sostible

- Reducir o uso ao mínimo dos adhesivos estruturais que empregan necesariamente os produtos laminados

Produtos e sistemas ETC

O elemento estrutural básico é a viga EcoTimberCell. Este elemento estrutural é un novo produto formado por dous cordóns de madeira serrada, de pequena sección empalmada por testa mediante unión dentada, conectados mediante dúas almas de taboleiro tipo Hard-board ecolóxico.

O nome do proxecto EcoTimberCell está inspirado nas células que forman a estrutura da madeira, unhas células de forma tubular de máxima eficiencia estrutural, que dotan ao material dunha relación resistencia/densidade extraordinaria.

A partir da viga EcoTimberCell desenvólense sistemas de muros, forxados e cubertas (Sistema ETC Box e ETC Frame) para incorporar directamente á construción ou incorporados en vivendas modulares prefabricadas (ETC Home).

No seo da USC creouse a consultora TimberSoul by Cándido Hermida que comezou neste 2022 a súa actividade empresarial, especializada en construción en madeira e coa vocación de fabricar e comercializar os sistemas estruturais EcoTimberCell.



Timbersoul by Cándido Hermida: construción en madeira de calidade

O sector da construción é un dos que máis emisións de efecto invernadoiro produce e, por iso, xoga un papel importante no obxectivo europeo de descarbonización. Obxectivo que se enfocou, principalmente, á redución do consumo enerxético a partir de combustibles fósiles promovendo o uso de enerxías renovables, ao transporte sostible ou á mellora da eficiencia enerxética nos edificios e as industrias.

A crise sanitaria provocou unha aceleración deste proceso de descarbonización e, máis aló de centrarse, co apoio dos fondos Next Generation, na rehabilitación do parque de vivendas existente para optimizar a súa eficiencia enerxética e á redución da súa pegada de carbono, búscase un cambio de mentalidade na construción e a madeira é clave para a súa transformación.

A madeira, concibida por moito tempo como material da construción tradicional moi ligada a ámbitos rurais, adquire agora un gran protagonismo polas súas bondades intrínsecas de material renovable, reciclable, biodegradable e cunha baixa pegada de carbono.

Neste contexto, xurde Timbersoul by Cándido Hermida, especializada na construción en madeira, para ofrecer unha construción máis consciente da importancia da contorna e das persoas. Son unha empresa do sector da construción de calidade, baixo criterios de máxima eficiencia estrutural e enerxética. Cun claro compromiso coa sustentabilidade e a responsabilidade co medio ambiente, especialízanse en estruturas e deseño construtivo en madeira, empregando produtos de madeira procedentes de bosques xestionados de forma sostible e certificados con selos PEFC e FSC.

Xorden como empresa Spin off da Universidade de Santiago de Compostela, iniciativa empresarial do proxecto LIFE EcoTimberCELL, proxecto Close to market financiado pola Unión Europea e coordinado por PE-MADE, Plataforma de Enxeñería da Madeira Estrutural, e co apoio do Grupo Cándido Hermida que aposta por esta nova liña de negocio de construción en madeira, afianzando o seu compromiso con Galicia e o sector forestal.

Timbersoul by Cándido Hermida nace coa vocación de fabricar e comercializar os produtos EcoTimberCell (ETC) desenvolvidos no proxecto de investigación. Son elementos estruturais alixeirados de madeira nos que se optimiza o uso da madeira, redúcese o emprego de adhesivos e nos que é posible incorporar illamento no seu interior. Empregan materias primas locais: madeira quilómetro 0 con certificación de xestión forestal sostible e taboleiros 100% ecolóxicos (Tablex da empresa galega Betanzos HB). A gama destes produtos ecodeseñados ofrece varios tipos de vigas ETC, paneis de forxado ETC Box e muros de cerramento ETC Frame.

Atendendo ao cambio produtivo necesario no sector da madeira con miras cara a sustentabilidade, a industrialización e a dixitalización, están a desenvolver unha liña de traballo enfocada á industrialización de edificacións modulares para garantir altos estándares de calidade aos seus clientes, á vez que reducen os prazos de construción, melloran as condicións laborais e controlan a execución de cada detalle.

Ante a demanda crecente da construción en madeira, o gran reto ao que se enfrenta o sector é tomar conciencia da necesidade, tanto da especialización de técnico e man de obra, como do avance tecnolóxico. Timbersoul by Cándido Hermida, ofrece:

- Servizo de consultoría especializado en madeira e eficiencia enerxética a arquitectos e construtores para xerar confianza no desenvolvemento de proxectos e obras en base madeira. Colaboran realizando deseño, cálculo estrutural e modelado CAD-CAM con cadwork para un maior control de prazos e orzamento de obra, así como realizando deseño e control enerxético de edificacións pasivas, contando con técnicos certificados Passivhaus Designer e Passivhaus Tradesperson.
- Servizo en obra, tanto de asesoramento técnico como de execución e montaxe da obra, na que poden incorporar produtos realizados en talleres propios, dende carpintería e mobiliario a medida en diversos materiais ata, proximamente, a fabricación de produtos estruturais e módulos industrializados. Poden ofrecer servizo chave en man, traballando con promotores e arquitectos, dende os estudos previos ata a finalización da obra.





Edificio Feuga
Rúa Lope Gómez de Marzoa s/n. Campus Vida
15705, Santiago de Compostela
Teléfono: 981 937 261 | Fax: 981 937 106
www.clustermadeira.com | info@clustermadeira.com



INSTITUTO GALEGO
DE PROMOCIÓN
ECONÓMICA



Xacobeo 21-22
Galicia